

## BANCO DE LIBROS DAS FAMILIAS

Narón 12 de xuño de 2020

Informámosvos que un ano máis, poñemos á vosa disposición dende a **ANPA O Buxato** o servizo do **BANCO DE LIBROS DAS FAMILIAS do CPI do Feal** . O seu obxectivo é favorecer a reutilización dos libros de texto, a través dun sistema gratuito de préstamo de libros para as familias que o soliciten, que é xestionado polo ANPA. Ademais de supoñer un aforro para os pais, este sistema ten outros beneficios: fomenta a solidariedade na nosa comunidade educativa, axuda a concienciar aos alumnos sobre o coidado e respecto aos libros (que se se usan de forma adecuada poderán ser reutilizados por outros compañeiros), ten tamén beneficios ambientais e favorece a adecuada xestión dos recursos.

Debido a renovación de manuais e a implantación do libro electrónico en 6º de Primaria e 1º da ESO este ano so se poderán solicitar libros para 4º de Primaria e 2º, 3º e 4º da ESO

Aquelas familias que se beneficiaron do préstamo de libros no curso 2019/2020, deberán devolvelos os días 29 e 30 de xuño de 9 a 12 h no noso local.

A devolución debe facerse nunha **bolsa pechada**, etiquetada co nome do alumno, que debe entregarse no local do ANPA. Sen a devandita devolución, non poderán solicitarse ao banco novos libros en préstamo.

Os que desexedes doarnos libros da vosa propiedade de 4º de Primaria ou 2º, 3º e 4º da ESO poderedes entregalos no local da ANPA os días 29 e 30 de xuño de 9 a 12 h.

Para solicitalos libros para o vindeiro curso 2020-21 deberedes entregar obrigatoriamente a solicitude en conserxería ou no local da ANPA antes do 10 de xullo.

---

### SOLICITUDE BANCO DE LIBRO DAS FAMILIAS. CPI DO FEAL

**ALUMNO/A:**.....

**CURSO NO 2020/21** .....

**MOVIL DE CONTACTO**.....